



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Outubro 2017

Santiago de Compostela, 05 de decembro de 2017


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en outubro de 2017 un incremento do 6,1% con respecto a outubro de 2016, mentres que a nivel nacional o crecemento foi do 6,9%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, os bens de equipo e os bens intermedios avanzaron un 9,4%, 19,5% e 5,5% respectivamente. Pola contra a enerxía retrocedeu un 10,2%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden a “confección de roupa de vestir”, que achega 3,2 puntos, a “fabricación de vehículos de motor”, que achega 2,5 puntos e a “industria da madeira e da cortiza”, que achega 0,9 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “producción de enerxía eléctrica” que resta 2,2 puntos seguida da “industria da alimentación” que resta 0,7 puntos e a “metalurxia” que resta 0,2 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2017

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	99,6	6,1	1,0
Bens de consumo	121,9	9,4	5,2
Bens de equipo	76,6	19,5	2,2
Bens intermedios	102,1	5,5	4,2
Enerxía	105,2	-10,2	-10,0

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de outubro de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do 6,1%, mellorando en 5,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (0,3%). En España rexistrouse un avance do 6,9%, mellorando en 6,7 puntos a taxa acadada no mes anterior (0,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 9,4%, o que suma 2,6 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 19,5%, o que achega 4,0 puntos a taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 5,5% cunha repercusión positiva de 1,6 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que cunha taxa de -10,2%, resta 2,2 puntos a taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de setembro de 2017, por destino económico, os bens de consumo melloran 8,9 puntos, os bens de equipo melloran 16,1 puntos, os bens intermedios melloran 0,9 puntos e a enerxía mantén a mesma taxa interanual do mes anterior (-10,2%).

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de outubro foron a “confección de roupa de vestir”, que achega 3,2 puntos, a “fabricación de vehículos de motor”, que achega 2,5 puntos e a “industria da madeira e da cortiza”, que achega 0,9 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas (-4,4 puntos) de 10 ramas, as máis salientables foron a “produción de enerxía eléctrica” que resta 2,2 puntos seguida da “industria da alimentación” que resta 0,7 puntos e a “metalurxia” que resta 0,2 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 23,0% de Murcia e o -1,8% de Castilla y León. Ademais de Murcia, presentan crecementos interanuais superiores a media estatal: Asturias (17,7%), Castilla - La Mancha (10,5%), País Vasco (9,3%), Cantabria (8,1%), Andalucía (8,0%) e Cataluña (7,8%).

IPI outubro 2017 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Outubro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	99,6	6,1	1,0	--	--
Bens de consumo	121,9	9,4	5,2	2,6	1,4
Bens de equipo	76,6	19,5	2,2	4,0	0,5
Bens intermedios	102,1	5,5	4,2	1,6	1,2
Enerxía	105,2	-10,2	-10,0	-2,2	-2,1
España					
Xeral	102,6	6,9	2,3	--	--
Bens de consumo	102,1	5,8	1,0	1,6	0,3
Bens de equipo	111,1	10,1	1,8	2,2	0,4
Bens intermedios	104,6	10,1	4,9	3,2	1,5
Enerxía	90,4	-0,9	0,5	-0,2	0,1

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Outubro 2017

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	6,1		1,0		
Confección de roupa de vestir	52,3	3,2	19,9	1,1	5,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	24,8	2,5	4,8	0,6	11,4
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	19,2	0,9	17,4	0,7	3,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	39,8	0,7	6,5	0,1	3,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	21,3	0,7	6,8	0,2	3,5
Fabricación de bebidas	15,3	0,7	3,9	0,2	3,6
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	7,3	0,6	11,8	0,9	8,7
Industria química	15,3	0,3	5,8	0,1	1,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	17,5	0,3	21,7	0,3	2,1
Outras industrias manufactureiras	25,2	0,1	12,8	0,1	0,4
Industria do papel	6,1	0,1	4,8	0,1	1,8
Fabricación de material e equipamento eléctrico	1,5	0,0	5,3	0,1	1,2
Outras industrias extractivas	-2,1	0,0	-8,2	-0,1	1,7
Industria téxtil	-7,1	0,0	11,2	0,0	0,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-1,5	-0,1	-3,1	-0,2	4,5
Fabricación de mobles	-4,4	-0,1	8,4	0,1	1,6
Fabricación doutro material de transporte	-6,8	-0,2	-35,4	-1,1	6,7
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-4,7	-0,2	-0,5	0,0	5,0
Industria da alimentación	-5,2	-0,7	0,3	0,0	12,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-12,3	-2,2	-13,6	-2,4	14,7
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Outubro 2017

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	102,6	6,9	2,3
Galicia	99,6	6,1	1,0
Andalucía	95,9	8,0	3,4
Aragón	99,0	6,8	4,4
Asturias	99,2	17,7	6,8
Balears (Illes)	93,4	2,3	2,0
Canarias	98,6	4,1	0,4
Cantabria	98,7	8,1	7,3
Castilla - La Mancha	98,5	10,5	2,5
Castilla y León	98,7	-1,8	-6,0
Cataluña	112,2	7,8	3,4
Comunitat Valenciana	108,8	4,4	2,6
Extremadura	88,8	6,5	2,2
Madrid	90,9	4,6	1,5
Murcia	110,9	23,0	8,5
Navarra	100,8	2,6	-0,4
País Vasco	104,2	9,3	2,9
Rioja (La)	93,8	2,2	-5,7

Fonte: INE